# FORMACIÓN E DIVULGACIÓN DA ACTIVIDADE CINEXÉTICA

## Memoria da actividade

## INTRODUCIÓN:

Se a formación é importante en tódolos aspectos da vida, cando se trata de previr a siniestralidade é esencial, máxime cando utilizamos armas de fogo que poden poñer en perigo a vida dos nosos compañeiros de cazaría pero tamén a nosa. Por iso, a pesar de que os datos –como se verá ao longo desta memoria- poñen de manifesto que a participación nos Cursos de ***Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios*** foi considerable, para a FGC isto non é suficiente, de pouco sirve que nos formemos uns cuantos se os compañeiros cos que compartimos as nosas xornadas de caza actúan con imprudencia por falta de coñecementos. A educación en materia de prevención e seguridade pero tamén saber como auxiliar a un ferido debería ser primordial, e neste sentido o ***Responsable de Cazaría*** xoga un papel determinante, non debemos esquecer que os accidentes máis graves prodúcense durante as accións de caza colectiva de caza maior, por iso debemos empezar a pensar que coa recomendación de facer os cursos non basta, **as responsabilidades ás que pode verse abocado o Responsable de Cazaría ben merecen unha reflexión sobre a necesidade da súa formación continua tanto en Seguridade como e Organización de Cazarías para evitar accidentes**.

Para a Federación Galega de Caza é fundamental a posta en valor da caza pero tamén a defensa e recoñecemento social da ***figura do cazador***, por iso ano tras ano aposta pola súa formación; pero, como se puxo de manifesto no parágrafo anterior, os datos de participación nos cursos, se os comparamos co número de cazadores con licenza de caza, amósannos que a formación non está a chegar a todos os cazadores galegos, por iso a FGC co obxecto de posibilitar esta formación e chegar a todos os recunchos de Galicia nos vindeiros meses ten previsto empezar a impartir cursos online.

# ACTIVIDADE I

# PREVENCIÓN DA SINIESTRALIDADE, E SEGURIDADE NA CAZA

## Cursos de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios

# ACTIVIDADE I: PREVENCIÓN DA SINIESTRALIDADE, E SEGURIDADE NA CAZA

## Cursos de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios.

Impartíronse cursos e xornadas formativas sobre ***Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios*** nas catro provincias galegas, nos que participaron 377 cazadores.

### *Calendario:*

| Data | Denominación do Curso | Lugar | Provincia | Nº asistentes | Coordinadores | Relatores |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 13 Maio 2017 | Xornada de formación e seguridade na caza (*) | Alfoz | Lugo | 59 | Francisco López Penela | Mª Teresa González Justo, Jaime Lage Pérez, José R. Carril Carrillo, José M. Vidal Lamela, Hilda Vázquez Méndez, e Manuel Nodar Real |
| 29 Xullo 2017 | Xornada de formación e seguridade na caza (*) | Monforte Lemos | Lugo | 31 | Francisco López Penela | Mª Teresa González Justo, Jaime Lage Pérez, José M. Vidal Lamela, e Hilda Vázquez Méndez |
| 6 Outubro 2017 | Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios | Porto Son | Coruña | 65 | Emilio Bolaño Pampín | Antonio Bello Giz, Mª Teresa González Justo, e José A. Montoiro González |
| 7 Outubro 2017 | Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios | Pereiro Aguiar | Ourense | 33 | José Castro Rivela | Aquilino Valencia Salgado, Emilio Vila Torreira, Francisco J. Gómez Pérez, e Verónica Civeira Pérez |
| 20 Outubro 2017 | Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios | Marcón | Pontevedra | 84 | Francisco Couselo Castiñeira | Jaime Lage Pérez, José L. Villamil Hermida, Álvaro Lago Lusquiños, Mª Teresa González Justo, Silvia Díaz Fernández, e Mª Carmen Díaz Fernández |
| 3 Novembro 2017 | Formación de Seguridade na Caza, Primeiros Auxilios, e Responsables de Sociedades (*) | Lugo | Lugo | 105 | Francisco López Penela | Jaime Lage Pérez, Mª Teresa González Justo, Manuel Nodar Real, Silvia Díaz Fernández, Mª Carmén Díaz Fernández, José M. Vidal Lamela, Hilda Vázquez Méndez, e Mª Luz Rey Cotelo |
| | | | | 377 | | |

(*) Nos cursos sinalados, impartíase conxuntamente Seguridade na Caza e Formación de Responsables de Sociedades

### *Duración e contidos:*

Cadaún dos cursos tiña unha duración de 4 horas, pero na meirande parte deles superouse amplamente o horario previsto.

Os cursos dividíanse en dous bloques, *Seguridade nas Cazarías e Primeiros Auxilios*, e remataban cunha mesa redonda na que interactuaban alumnos e relatores.

Neles impartíase a seguinte materia:

**I. SEGURIDADE NAS CAZARÍAS (2,00 h)**

1. Normas de Seguridade na caza
2. A seguridade dos cazadores e outros usuarios do monte
3. A organización de batidas e as medidas de seguridade para evitar accidentes
4. Lexislación relacionada coa organización e seguridade nas cazarías.

**II. PRIMEIROS AUXILIOS (1,00 h.)**

1. Actuación ante un accidente de caza
2. Actuación ante outro tipo de accidentes e enfermedades común
3. Actuación ante un accidente do can
4. O botiquín do cazador

III. **MESA REDONDA: Siniestralidade, prevención, e primeiros auxilios (1,00 hora)**

## *Relatores, ponencias, e coordinadores:*

Actuaban de formadores 13 relatores con amplos coñecementos nas diferentes materias impartidas (avogados, responsables de cazaría, expertos en armas, axentes da Garda Civil, de Medio Ambiente, veterinarios, médicos, enfermeiros, etc.).

| PONENTES | CARGO | Ponencia |
|---|---|---|
| Bello Giz, Antonio | Profesor, experto en organización de cazarías, cazador | Seguridade nas cazarías |
| Carril Carrillo, José Ramón | Experto en tecnoloxía da caza, responsable de Remanso, cazador | Colares localizadores. Tipos |
| Civeira Pérez, Verónica | Diplomada en enfermaría | Primeiros Auxilios |
| Díaz Fernández, Mª Carmen | ATS | Primeiros Auxilios |
| Díaz Fernández, Silvia | Médico | Primeiros Auxilios |
| Gómez Pérez, Francisco J. | Diplomado en enfermaría | Primeiros Auxilios |
| González Justo, Mª Teresa | Avogada, experta en lexislación cinexética e deportiva, Asesora Xurídica da FGC | Lexislación |
| Lage Pérez, Jaime | Axente do Seprona, Garda Civil, cazador | Seguridade nas cazarías, armas e municións |
| Lago Lusquiños, Álvaro | Tnte Xefe Seprona Pontevedra | Armas e municións |
| Montoiro González, José A. | Veterinario, ATS, cazador | Primeiros Auxilios |
| Valencia Salgado, Aquilino | Axente medioambiental | Seguridade na caza |
| Vila Torreira, Emilio | Experto en caza maior, cazador | Lexislación |
| Villamil Hermida, José L. | Suboficial interventor de Armas da Cmdª Garda Civil de Pontevedra | Armas e municións |

A coordinación dos diferentes Cursos de *Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios*, corría a cargo de Directivos da FGC, apoiados por persoal auxiliar, maioritariamente formado por persoal de plantilla da FGC.

| COORDINADORES | CURSO | CARGO |
|---|---|---|
| Bolaño Pampín, Emilio | Porto do Son (Coruña) | Vocal da FGC |
| Castro Rivela, José | Pereiro Aguiar (Ourense) | Vocal da FGC Ourense |
| Couselo Castiñeira, Francisco | Marcón (Pontevedra) | Presidente Provincial da FGC Pontevedra |
| López Penela, Francisco | Alfoz, Monforte, e Lugo | Presidente Provincial da FGC Lugo, e Vicepresidente da FGC |

## *Certificado de asistencia:*

Todos os asistentes aos cursos de *Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios,* recibían ao final das xornadas formativas un certificado acreditativo da asistencia ao curso, con expresión dos contidos e das horas formativas.



Federación Galega de Caza · XUNTA DE GALICIA · DEPORTE GALEGO · "A Caza, unha actividade física saudable en plena natureza" · XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

**CERTIFICADO DE ASISTENCIA**

*D. Javier Nogueira Diz, Presidente da Federación Galega de Caza*

**C E R T I F I C A**

que **D. ............................... DNI ........**

Asistiu ao **Curso de Prevención da siniestralidade e Seguridade na Práctica Cinexética: Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios**
celebrado en ............... o dia .... de ........ de 2017 cunha duración de 4 horas

O Presidente da Federación Galega de Caza,

**Asdo. Javier Nogueira Diz**



***ÁREA FORMATIVA:***

**Curso de Prevención da Siniestralidade e Seguridade na Práctica Cinexética: Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios**

I. **SEGURIDADE NAS CAZARÍAS (2,00 h)**
   1. Normas de Seguridade na caza
   2. A seguridade dos cazadores e outros usuarios do monte
   3. A organización de batidas e as medidas de seguridade para evitar accidentes
   4. Lexislación relacionada coa organización e seguridade nas cazarías.

II. **PRIMEIROS AUXILIOS (1,00 h.)**
   1. Actuación ante un accidente de caza
   2. Actuación ante outro tipo de accidentes e enfermedades común (accidentes de tráfico, mancaduras, infarto, desmaio, etc)
   3. Actuación ante un accidente do can

III. **MESA REDONDA: Siniestralidade, prevención, e primeiros auxilios (1,00 horas)**

# ACTIVIDADE II

# CURSOS DE FORMACIÓN DE RESPONSABLES DE SOCIEDADES

# ACTIVIDADE II: CURSOS DE FORMACIÓN DE RESPONSABLES DE SOCIEDADES

Máis de 250 representantes de sociedades de caza, entre dirixentes, directivos, persoal administrativo, etc, participaron nos cursos de ***Formación de Responsables de Sociedades de Caza***, que se desenvolveron nas catro provincias.

## *Calendario:*

| Data | Denominación do Curso | Lugar | Provincia | Nº asistentes | Coordinadores | Relatores |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 29 Setembro 2017 | Formación de Responsables de Sociedades de Caza | Marcón | Pontevedra | 59 | Francisco Couselo Castiñeira | Javier Nogueira Diz, Mª Teresa González Justo, Dario Andrade Expósito, e Mª Luz Rey Cotelo |
| 7 Outubro 2017 | Formación de Responsables de Sociedade de Caza | Pereiro Aguiar | Ourense | 26 | José Castro Rivela | Mª Teresa González Justo, e Dario Andrade Expósito |
| 27 Outubro 2017 | Formación de Responsables de Sociedades de Caza | Arteixo | Coruña | 64 | Emilio Bolaño Pampín | José A. Freire Ares, Mª Teresa González Justo, e Dario Andrade Expósito |
| 3 Novembro 2017 | Formación de Seguridade na Caza, Primeiros Auxilios, e Responsables de Sociedades (*) | Lugo | Lugo | 105 | Francisco López Penela | Jaime Lage Pérez, Mª Teresa González Justo, Manuel Nodar Real, Silvia Díaz Fernández, Mª Carmén Díaz Fernández, José M. Vidal Lamela, Hilda Vázquez Méndez, e Mª Luz Rey Cotelo |
| | | | | 254 | | |

(*) No curso sinalado, impartíase conxuntamente a Formación de Responsables de Sociedades e a Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios

## *Duración e contidos:*

A duración de cadaún dos cursos foi de 4 horas, superándose amplamente o horario previsto na maioría deles.

A área formativa dividíase en dous bloques, *Xestión interna e administrativa dunha entidade asociativa e Xestión e aproveitamento sostible dos recursos cinexéticos,* rematando cunha mesa redonda na que participaban alumnos e ponentes.

Neles impartíase a seguinte materia:

### I. XESTIÓN INTERNA E ADMINISTRATIVA DUNHA ENTIDADE ASOCIATIVA (1,30 horas)

1. **Lexislación:** Lei do Deporte de Galicia, Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas, os estatutos das entidades, o regulamento de réxime interno e disciplinario das sociedades, os socios (clases, admisión, dereitos e expulsión), as convocatorias de asembleas, os procesos electorais, a responsabilidade administrativa da entidade, e a lei de protección de datos.

2. **As comunicacións co Rexistro de Entidades Deportivas e coa Federación**: Actos e datos que deben inscribirse no Rexistro, prazo de comunicación, formularios, libros obrigatorios e dilixencia dos mesmos, contabilidade, soporte documental, e tributos.

3. As **responsabilidades dos directivos, e os seguros de responsabilidade civil**.

**II. XESTIÓN E APROVEITAMENTO SOSTIBLE DOS RECURSOS CINEXÉTICOS (1,30 horas)**

1. **Lexislación cinexética:** Lei de caza, orde de vedas, lei de incendios, sinalización de tecores, e rede natura.

2. **A comunicación coa Administración Cinexética**: Plan de Ordenación Cinexético (POC), Plan de Aproveitamento Cinexético (PAC), solicitudes de repoboacións, solicitudes de cazarías, comunicación de resultados, e relación de cazadores.

3. **Xestión e aproveitamento sostible dos recursos cinexéticos**: As repoboacións, os desbroces, a limpeza de montes, os cortalumes, as sementeiras.

**III. MESA REDONDA; Xestión interna e aproveitamento sostible (1 hora)**

## *Relatores, ponencias, e coordinadores:*

A formación corría a cargo de 8 relatores con ampla experiencia na xestión interna e administrativa das sociedades de caza (avogados, presidentes de sociedades, técnicos de Medio Ambiente, e técnicos e directivos da FGC).

| PONENTES | CARGO | Ponencia |
|---|---|---|
| Andrade Expósito, Dario | Ténico de Caza da Subdirección Xeral de Biodiversidade e Recursos Cinexéticos e Piscícolas, cazador | Xestión e aproveitamento sostible dos recursos cinexéticos |
| Freire Ares, José Andrés | Vicepresidente da FGC Coruña, Presidente da Sdade Xabarín, profesor, cazador | A xestión interna de unha sociedade |
| González Justo, Mª Teresa | Avogada, experta en lexislación cinexética e deportiva, Asesora Xurídica da FGC | Lexislación |
| Nodar Real, Manuel | Técnico de Caza da Xefatura Territorial de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de Lugo | Xestión e aproveitamento sostible dos recursos cinexéticos |
| Nogueira Diz, Javier | Presidente da FGC, Consejero de Auditoria Interna de Mutuasport, cazador | Os seguros de responsabilidade civil |
| Rey Cotelo, Mª Luz | Xefa de Administración da FGC | As comunicacións co Rexistro de Entidades Deportivas, os libros obrigatorios, contabilidade, e tributos |
| Vázquez Méndez, Hilda | Xefa Administrativa da FGC Lugo | Os seguros de responsabilidade civil |
| Vidal Lamela, José Manuel | Secretario Xeral da FGC Lugo, cazador | Os seguros de responsabilidade civil |

Coordinaban os cursos, apoiados por profesionais da FGC, as seguintes persoas:

| COORDINADORES | CURSO | CARGO |
|---|---|---|
| Bolaño Pampín, Emilio | Arteixo (Coruña) | Vocal da FGC |
| Castro Rivela, José | Pereiro Aguiar (Ourense) | Vocal da FGC Ourense |
| Couselo Castiñeira, Francisco | Marcón (Pontevedra) | Presidente Provincial da FGC Pontevedra |
| López Penela, Francisco | Lugo | Presidente Provincial da FGC Lugo, e Vicepresidente da FGC |

## *Certificado de asistencia:*

Os alumnos participantes nos cursos de *Formación de Responsables de Sociedades de Caza,,* recibían un certificado acreditativo da asistencia ao curso, con expresión da área formativa e das horas lectivas.



CERTIFICADO DE ASISTENCIA

*D. Javier Nogueira Diz, Presidente da Federación Galega de Caza*

**C E R T I F I C A**

que **D. .............................. DNI ........**

Asistiu ao **Curso de Formación dos Responsables das Sociedades de Caza** celebrado en ............... o dia .... de ....... de 2017 cunha duración de 4 horas

O Presidente da Federación Galega de Caza,

**Asdo. Javier Nogueira Diz**



***ÁREA FORMATIVA:***

**Curso de Formación dos Responsables das Sociedades de Caza**

I. **XESTIÓN INTERNA E ADMINISTRATIVA DUNHA ENTIDADE ASOCIATIVA (1,30 horas)**

1. **Lexislación:** Lei do Deporte de Galicia, Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas, os estatutos das entidades, o regulamento de réxime interno e disciplinario das sociedades, os socios (clases, admisión, dereitos e expulsión), as convocatorias de asembleas, os procesos electorais, a responsabilidade administrativa da entidade, e a lei de protección de datos.
2. **As comunicacións co Rexistro de Entidades Deportivas e coa Federación**: Actos e datos que deben inscribirse no Rexistro, prazo de comunicación, formularios, libros obrigatorios e dilixencia dos mesmos, contabilidade e soporte documental.
3. As **responsabilidades dos directivos, e os seguros de responsabilidad civil**.

II. **XESTIÓN E APROVEITAMENTO SOSTIBLE DOS RECURSOS CINEXÉTICOS (1,30 horas)**

1. **Lexislación cinexética:** Lei de caza, orde de vedas, lei de incendios, sinalización de tecores, e rede natura.
2. **A comunicación coa Administración Cinexética**: Plan de Ordenación Cinexético (POC), Plan de Aproveitamento Cinexético (PAC), solicitudes de repoboacións, solicitudes de cazarías, comunicación de resultados, e relación de cazadores.
3. **Xestión e aproveitamento sostible dos recursos cinexéticos**: As repoboacións, os desbroces, a limpeza de montes, os cortalumes, as sementeiras.

III. **MESA REDONDA; Xestión interna e aproveitamento sostible (1 hora)**

# ACTIVIDADES I e II

## Material didáctico
## Avaliación dos cursos (enquisa)
## Actas e inscricións
## Programas
## Os cursos en imaxes
## Repercusión nos medios de comunicación

## *Material didáctico:*

Tanto nos cursos de ***Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios***, como nos de ***Formación de Responsables de Sociedades de Caza***, entregouse a todos os alumnos o seguinte material:

1. Bolsa da Escola de Caza, co logo da FGC e MOT
2. Carpeta co logo da FGC e MOT e folios
3. Bolígrafo co logo da FGC e MOT
4. Decálogo de Seguridade, co logo da FGC e MOT
5. Díptico de seguridade na organización de cazarías, co logo da FGC e MOT
6. Sinais "Atención Cazaría", logo da FGC e MOT
7. Chaleco "Caza Seguro" de alta visibilidade, logo da FGC e MOT, e outra roupa visibilidade
8. Revista Galicia Cinexética
9. Enquisa sobre o curso e os relatorios




## *Cuestionario de avaliación dos cursos:*

Durante o desenvolvemento dos cursos ***de Formación de Responsables de Sociedades, e de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios***, co obxecto de tentar mellorar as actividades formativas e coñecer a opinión e suxerencias dos alumnos participantes nos cursos, a FGC pasou unha enquisa a todos os asistentes, solicitándolle que responderan obxectivamente a unha serie de cuestións relacionadas coa formación impartida. As enquisas eran anónimas pero aínda así para facilitar a independencia na resposta instalábase unha urna na que os participantes dos diferentes cursos ían depositando a súa enquisa.

Únese á presente memoria como **Anexo 1**, a avaliación das enquisas.

## *Actas e follas de inscricións:*

Únense á presente memoria como **Anexo 2**, as actas de follas de inscricións de cadaún dos cursos, non obstante a información contida nas follas de inscrición contén datos persoais e polo tanto é susceptible de estar suxeita á Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, polo que tales datos teñen como única finalidade a xustificación dos cursos que nos ocupan, non podendo ser utilizados para unha finalidade distinta, debendo adoptarse as medidas necesarias para garantir a súa confidencialidade, sendo responsable o destinatario da información fronte á FGC dos danos e prexuízos causados que se deriven de reclamación de terceiros ou da AEPD, sempre e cando sexan consecuencia do incumprimento das anteriores obrigas.

## Programas dos cursos:

Únense á presente memoria como **Anexo 3**, os programas de cadaún dos cursos, con expresión da data, lugar de celebración, horarios, ponentes, e temario dos diferentes cursos.

## Os cursos en imaxes:

- ***Roll up e pancartas:***

  En todos os cursos celebrados, tanto de ***Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios***, como de ***Formación de Responsables de Sociedades,*** colocábanse unha pancarta e un roll up *da Escola de Caza*, cos logos da FGC e da MOT.







- ***Presentacións:***

  ✓ *Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios:*



✓ ***Curso de Formación de Responsables de Sociedades de Caza:***




- ***Reportaxe fotográfico: curso a curso***

✓ ***ALFOZ (13 de maio), Xornada de Formación e Seguridade na Caza***




Na xornada formativa celebrada no centro sociocultural de Alfoz, en Alfoz (Lugo), o 13 de maio, participaban 59 cazadores.




✓ ***MONFORTE (29 de xullo), Xornada de Formación e Seguridade na Caza***



A xornada formativa de Monforte, tiña lugar na Escola de Capacitación Agraria, en Monforte de Lemos (Lugo), o 29 de xullo, e nela participaban 31 cazadores.



✓ ***PONTEVEDRA (29 de setembro), Curso de Formación de Responsablesde Sociedades de Caza.***






A Casa de Comunidade de Montes de Marcón, acollía o 29 de setembro o primeiro curso celebrado nesta edición na Provincia de Pontevedra, ao que asistían 59 representantes de sociedades de caza.

Ao acto inaugural asistía a Secretaria Xeral para o Deporte Marta Míguez, que destacou o labor da FGC, con preto 20.000 licenzas federativas que fan que sexa a segunda federación con máis fichas en Galicia, ese é o deporte que queremos, un deporte que conviva en paz e harmonía coa natureza, co noso contorno e coa nosa sociedade.

✓ ***PORTO DO SON (6 de Outubro), Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios.***





O curso de Porto do Son, desenvolvíase na Casa da Cultura da localidade, o 6 de outubro, e nel participaban 65 cazadores.

✓ ***PEREIRO DE AGUIAR (7 de Outubro), Curso de Formación de Responables de Sociedades de Caza, e Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios.***





O 7 de outubro a cita era na localidade ourensana de Pereiro de Aguiar. Pola mañá desenvolvíase o Curso de *Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios*, ao que asistían 33 cazadores, e pola tarde tiña lugar o Curso de *Formación de Responsables de Sociedades de Caza*, no que participaban 26 representantes de entidades de caza.

- ***PONTEVEDRA (20 de Outubro), Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios.***







A Casa da Comunidade de Montes de Marcón, en Pontevedra, acollía o 20 de outubro o último curso desta edición que se celebraba na provincia de Pontevedra, e no que participaban 84 cazadores.

- ***ARTEIXO (27 de Outubro), Curso de Formación de Responsables de Sociedades de Caza.***






O 27 de outubro, no Centro sociocultural de Meicende, en Arteixo, tiña lugar o curso de Formación de Responsables de Sociedades de Caza da provincia de A Coruña, no que participaban 64 dirixentes de entidades de caza.

- ***LUGO (3 de Novembro), Curso de Formación de Responsables de Sociedades de Caza, e Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios.***






Coincidindo coa celebración do Curso desenvolvido no Hotel Méndez Núñez, en Lugo, o 3 de novembro, ao que asistiron 105 persoas entre cazadores e representantes de sociedades de caza, dábase por clausurado o calendario formativo da FGC correspondente ao ano 2017. No acto participaba a Xefa Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Margarita López, que animaba aos cazadores a seguir formándose.

- **Os cursos nos medios de comunicación e redes sociais:**

pressreader

## Jornada sobre seguridad de la Sociedade de Caza Valadouro.

La Voz de A Mariña 16 Mayo 2017



La Sociedade de Caza Valadouro celebró en Alfoz una Xornada de Formación e Seguridade na caza, de interés para los aficionados a ese deporte. Se habló en ella de la ley gallega 13/2013, las batidas, los seguros de responsabilidad civil y de Tecores, planes de caza...

elcotodecaza.com

Inicio | Menor | Mayor | Perros | Eventos | Armas | Productos | Blogs | Recursos | Revistas | Tienda

Inicio » Eventos de Caza » Congresos y Conferencias » Arranca una nueva edición de cursos de caza

## Arranca una nueva edición de cursos de caza

Enviado por jmgarcia el Sáb, 23/09/2017 - 08:34.
en Congresos y Conferencias

La Federación Gallega de Caza (FGC) ha publicado el calendario de los próximos cursos de formación de cazadores y responsables de sociedades de caza, que organiza en colaboración con la Consejería de Medio Ambiente y Ordenación del Territorio.




Cartel de los cursos de la Federación Gallega de Caza para este otoño de 2017.

Durante los próximos meses, la **Federación Gallega de Caza** realizará en todas las provincias cursos de **Prevención de la Siniestralidad en la Caza**, para seguir formando a los **cazadores** tanto en **seguridad en la caza** como en **primeros auxilios**, y este año, como novedad, impartirá también cursos de **Formación de los Responsables de las Sociedades de Caza**, dirigidos a los representantes y directivos de las entidades asociativas, con los que pretende formarles en la gestión interna de una **sociedad de cazadores**, en materia administrativa y en el aprovechamiento sostenible de los **recursos cinegéticos**.

### Calendario

- 29/09/2017, Formación de Responsables de Sociedades, en Pazos-Marcón (Pontevedra). Fecha límite de inscripción: 25 de septiembre.
- 06/10/2017, Seguridad en la Caza y Primeros Auxilios, en Porto do Son (A Coruña). Fecha límite de inscripción: 3 de octubre.
- 07/10/2017, Seguridad en la Caza y Primeros Auxilios, en Pereiro Aguiar (Ourense). Fecha límite de inscripción: 2 de octubre.
- 07/10/2017, Formación de Responsables de Sociedades, en Pereiro Aguiar (Ourense). Fecha límite de inscripción: 2 de octubre.
- 20/10/2017, Seguridad en la Caza y Primeros Auxilios, en Pazos-Marcón (Pontevedra). Fecha límite de inscripción: 16 de octubre.
- 27/10/2017, Formación de Responsables de Sociedades, en Arteixo (A Coruña). Fecha límite de inscripción: 23 de octubre.
- 3/11/2017, Seguridad en la Caza, Primeros Auxilios, y Formación de Responsables de Sociedades, Lugo (Lugo). Fecha límite de inscripción: 30 de octubre.

### Inscripciones

Pueden realizarse por correo electrónico o teléfono en la sedes de las respectivas Federaciones Provinciales o a través de la página web de la FGC pinchando aquí.

/ Sala de comunicación / Actualidade / Novas

## Míguez inaugura os cursos de formación de cazadores e responsables de sociedades de caza promovendo "un deporte que conviva en paz e harmonía co noso contorno"

- Os cursos da Federación Galega de Caza e da Consellería de Medio Ambiente realizaranse por dúas veces en todas as provincias galegas nos lugares de Marcón (Pontevedra), Pereiro de Aguiar (Ourense), Porto do Son e Arteixo (A Coruña) e Lugo

A secretaria xeral para o Deporte, Marta Míguez, vén de inaugurar os cursos de formación de cazadores e responsables de sociedades de caza que organiza a Federación Galega de Caza en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. Neste caso, a responsable do deporte galego dirixiuse á parroquia pontevedresa de Marcón onde deu inicio o primeiro curso de Formación de Responsables de Sociedades de Caza, un curso que destaca como novidade e que está dirixido aos representantes das entidades asociativas, a través dos que se pretende formar aos directivos na xestión interna dunha sociedade de cazadores tanto en materia administrativa como no aproveitamento sostible dos recursos cinexéticos.

Nas súas verbas, a secretaria xeral promoveu "un bo aproveitamento dos recursos cinexéticos permite unha convivencia harmónica entre a natureza e o deporte, do mesmo xeito que un bo aproveitamento dos recursos das federacións deportivas fará que cada vez contemos con máis licencias de actividade". Neste sentido destacou as case 20.000 licencias da Federación Galega de Caza que fan que sexa a segunda federación con máis fichas de Galicia. "Ese é o deporte que queremos, un deporte que conviva en paz e harmonía coa natureza, co noso contorno e coa nosa sociedade", engadiu.

Os cursos da Federación Galega de Caza e da Consellería de Medio Ambiente realizaranse por dúas veces en todas as provincias galegas nos lugares de Marcón (Pontevedra), Pereiro de Aguiar (Ourense), Porto do Son e Arteixo (A Coruña) e Lugo. Os cursos impartidos serán de Prevención da Sinistralidade na Caza e de Formación dos Responsables das Sociedades de Caza.

Data de actualización: **29/09/2017**

ttps://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/24842/miguez-inaugura-cursos-formaci... 08/11/2017

GALICIA CINEXÉTICA #105
4 Actualidade FGC

*Este ano tamén se realizarán xornadas formativas dirixidas aos responsables de Sociedades de Caza*

# Arranca unha nova edición dos cursos **de caza da FGC en tódalas provincias**



A *Federación Galega de Caza* **(FGC)**, ven de publicar o calendario dos vindeiros cursos de formación de cazadores e responsables de sociedades de caza, que organiza en colaboración coa *Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio*. Durante os próximos meses a **FGC** realizará en tódalas provincias **Cursos de Prevención da Siniestralidade na Caza**, mediante os que se pretende formar aos cazadores en materia de seguridade na caza e primeiros auxilios; e este ano, como novidade, impartiranse tamén cursos de **Formación dos Responsables das Sociedades de Caza** dirixidos aos representantes das entidades asociativas, a través dos que se pretende formar aos directivos na xestión interna dunha sociedade de cazadores tanto en materia administrativa como no aproveitamento sostible dos recursos cinexéticos.

| DATA CELEBRACIÓN | DENOMINACIÓN DO CURSO | LUGAR DE CELEBRACIÓN | DATA LÍMITE DE INSCRICIÓN |
|---|---|---|---|
